

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2005

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Desculpan a súa asistencia o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea e o Sr. González Laxe.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor agradece a todos os centros que propuxeron programas de posgrao o seu esforzo e traballo, e sinala que isto permitiu colocar a Universidade da Coruña nunha boa situación a respecto do novo mapa de titulacións, aínda que quedan por precisar algúns detalles. Informa da reunión da CRUE que tivo lugar en Xaén os días 14 e 15 de decembro, e que tratou sobre temas de investigación, así como do contido do informe que elaborou a CRUE en relación co borrador da LOU.

Felicita os Sres. Delgado Martín e Juncosa Rivera, membros do persoal docente e investigador desta universidade, pola obtención do premio de investigación da Real Academia Galega de Ciencias convocado anualmente xunto coa Fundación Caixa Galicia, por un traballo sobre o estudo dos residuos de corte de granito en relación coas súas características como residuo, a súa potencial contaminación e as súas aplicacións prácticas na Enxeñaría Civil.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa que o 13 de decembro se fallaron os premios de investigación que convocan a Universidade da Coruña e o Concello de Ferrol “Antonio Usero” sobre saúde e relacións laborais, a favor de D. Jaime Concheiro del Río, polo traballo “La figura del enriquecimiento injusto en el derecho laboral”, e “Ingeniero Comerma” sobre enxeñaría industrial, a favor de D. José Antonio Becerra Permy e D. Adolfo Lamas Rodríguez, pertencentes ao Centro de Investigacións Tecnolóxicas da Universidade da Coruña, polo traballo “Aplicación de inteligencia artificial en la resolución de problemas de ingeniería”.

Tamén informa da sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a *Fundación para el fomento del conocimiento de la construcción naval y de las actividades marítimas*, Exponav, para o financiamento da Exposición Nacional da Construción Naval, en que a Universidade contribúe con dous bolseiros por ano.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa que na resolución de distintas convocatorias de bolsas e de contratos, lle corresponderon á UDC 38 bolsas de Terceiro Ciclo da Xunta de Galicia, 7 bolsas FPI e 6 FPU, 13 contratos de investigadores adscritos ao Programa Parga Pondal e 2 investigadores do programa Juan de la Cierva. Sinala que o 16 de novembro se convocaron as bolsas de Terceiro Ciclo e posdoutorais da UDC para o próximo curso. A novidade é que estas últimas se adecúan ao que dispón o RD 1326/2003 do 24 de outubro polo que se aproba

o estatuto do bolseiro de investigación, o que implica seguridade social para os bolseiros así como un salario substancialmente maior do percibido ata o de agora.

Informa que o 8 e 9 de decembro se publicaron as convocatorias de proxectos do Ministerio dos Programas Consolidar para equipos de alto nivel e do Plano Nacional. Tamén está a punto de saír no DOG, antes de finalizar o ano, a convocatoria do programa I3. Sairán 10 prazas de intensificación da investigación, e un número similar de contratos de incorporación.

Informa que o programa de doutoramento de Electroquímica: Ciencia e Tecnoloxía, coordinado polo Prof. Dr. Manuel Sastre de Vicente renovou tamén a súa mención de calidade.

Sinala que os días 28 e 29 de novembro se reuniu o Plenario da Comisión Sectorial de I+D da CRUE e Rede OTRI de universidades. Entre os temas que se trataron cómpre destacar: en primeiro lugar, os problemas burocráticos e administrativos formulados á investigación universitaria, especialmente no marco que establece a Lei xeral de subvencións do 17 de novembro de 2003, claramente inadecuada para a xestión da investigación. Neste sentido os representantes ministeriais presentes na reunión avanzaron que se está a traballar no desenvolvemento dun regulamento que contemple un tratamento específico para a investigación e permita unha simplificación da xestión e da xustificación. En segundo lugar, o descontento coa resolución da última convocatoria de proxectos do Ministerio. En terceiro lugar, o deseño dunha auténtica carreira investigadora. Por último, a consideración da investigación no financiamento das universidades polas administracións públicas.

Na ANEP está a traballar un grupo de traballo para a definición do “mérito tecnolóxico”. Espérase crear en breve un grupo similar nos ámbitos de humanidades e de ciencias sociais, especialmente no aspecto de clasificación de revistas científicas así como de libros e capítulos de libro. A ANEP traballou, así mesmo, nun *currículum vitae* normalizado. Agárdase que estea dispoñible para quen o desexar a finais de xaneiro. O director xeral da FECET (*Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía*) Joan Comerma informou, dentro das futuras accións desta fundación, sobre o acceso a revistas electrónicas a nivel estatal compartindo custos cos usuarios do propio sistema.

Apunta que o 16 de decembro se reuniu o Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, cuxo director actualmente é D. Xosé Regos. Entre os temas tratados destaca a renovación de todas as bases de datos e as revistas subscritas en 2005, a excepción de Safari Text Books debido á súa escasa utilización, e a contratación de dúas novas bases de datos, Lexis Nexis e Sport Discus, ademais do módulo práctico de Wetslaw. En 2006 poranse en proba varias plataformas de libros electrónicos, así como a implantación en 2006 do Metabuscador ENCompass nas tres universidades do SUG

Finalmente comunica que o estudante da ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Manuel Andrés Soage Quintá obtivo o primeiro premio especial da empresa Acciona dentro do Certame Universitario Arquímedes, polo seu traballo “Simulación numérica do comportamento hidrodinámico e da evolución da salinidade en zonas costeiras de grande impacto ambiental: aplicación á ría de Arousa”, polo que o felicita.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Secretaria Xeral, quen informa do nomeamento de D^a Josefina Méndez Felpeto como directora en funcións do Departamento de

Bioloxía Celular e Molecular, tras o nomeamento de D. Julio E. Abalde Alonso como director da ACSUG; do cesamento de D. José María Cardesín Díaz como decano en funcións da Facultade de Socioloxía e do nomeamento de D. José Luis Veira Veira como decano da desta Facultade; do cesamento de D. Alejandrino Fernández Barreiro como director en funcións do Departamento de Dereito Público e do seu nomeamento como director deste departamento; do cesamento a petición propia de D^a María Antonia Señarís Rodríguez como directora dos Servizos de Apoio á Investigación e do nomeamento como tal de D. Jaime Rodríguez; e do nomeamento como membro do Consello de Goberno en representación do Consello Social de D. Juan Caamaño Cebreiro en substitución de D. Epifanio Campo Fernández, quen cesou como membro do Consello Social por petición propia.

Informa tamén de que con data 30 de novembro de 2005 se publicou no DOG o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade da Coruña, que entrou en vigor ao día seguinte da publicación.

En asuntos xurídicos informa da sentenza do 23-11-2005, que ditou a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, mediante a que se desestima o recurso de apelación interposto por D. Luciano Vidán Martínez, contra a resolución reitoral do 22-7-2003, mediante a que se procedía a unha regularización de trienios coa obriga do reintegro das cantidades previamente percibidas.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa de que se realizaron validacións de expedientes de gasto do exercicio 2005 por un total de 545.189,15 euros, logo de informe do Servizo de Intervención e de informar a Comisión de Asuntos Económicos de data 2 de decembro de 2005. Tamén se realizaron imputacións de obrigas xeradas no exercicio 2004 ao exercicio 2005 por un total de 270.440,08, logo de informe do Servizo de Intervención.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de interino de substitución P06 para a Área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores do Departamento de Electrónica e Sistemas, con docencia na Facultade de Informática. Trátase dunha baixa por maternidade cuxa tramitación se atrasou por causas imputables á Vicerreitoría. Tamén informa da convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de interino de substitución con dedicación total para a Área de Matemática Aplicada do Departamento de Matemáticas, con docencia na Facultade de Ciencias da Educación, para cubrir unha baixa por enfermidade.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 4 DE NOVIEMBRE DE 2005

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 4 de novembro de 2005.

3. CONVENIOS E CONTRATOS

A Sra. Secretaria Xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO II**. O Sr. Casabella López interésase polos convenios de prácticas en empresas para os estudantes de arquitectura e indica que non lle parece ben que se lles pague nin que se xestionen fóra do centro. O Sr. Vicerreitor do Campus de Ferrol e relación Universidade-Empresa indica que na Universidade existen varias vías para canalizar as prácticas dos estudantes, non só a través dos centros, e que proximamente se implantará unha aplicación informática que permitirá a coordinación de todos eles.

Os convenios son **aprobados** por asentimento.

4. INFORME SOBRE O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO INEF-Galicia

A Sra. Secretaria Xeral informa que a xunta de centro do INEF-Galicia acordou en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 16 de novembro de 2005 solicitar o cambio de denominación do centro, e propor o nome de Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. Despois do informe positivo, se proceder, do Consello de Goberno, o cambio debe ser aprobado no Consello Social, que o trasladará á Xunta de Galicia, consonte o disposto no artigo 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.

Apróbase por asentimento informar positivamente o cambio de denominación do INEF-Galicia a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

5. REGULAMENTO DO REXISTRO

A Sra. Secretaria Xeral informa que a aprobación dun regulamento do rexistro foi unha das posibles melloras que se propuxeron durante o proceso de avaliación da unidade, que rematou coa obtención da certificación ISO 9001. O Sr. Soraluze Blond intervén para solicitar aclaracións sobre diversos puntos.

O Regulamento de rexistro, cuxo texto se atopa no **ANEXO III**, **apróbase** por asentimento.

6. REGULAMENTO DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO

A Sra. Secretaria Xeral informa que, estando a piques de comezar a actividade do Centro de Documentación e Arquivo, parece adecuado preparar xa a normativa que lle será de aplicación.

Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Valderruten Vidal, Arcay Varela, López Fernández, Soraluze Blond e Cao Abad. A Sra. Vicerreitora de Investigación sinala que o depósito das teses de doutoramento no novo centro segue a tendencia actual a crear repositorios institucionais.

O Regulamento do Centro de Documentación e Arquivo, cuxo texto figura no **ANEXO IV**, **apróbase** por asentimento coas modificacións suxeridas no debate.

7. REGULAMENTO DE XESTIÓN DA MOBILIDADE DE ESTUDANTES

A Sra. Secretaria Xeral informa que o crecente número de estudantes que participan en programas de mobilidade con ou sen recoñecemento académico xustifica a necesidade de establecer unhas normas mínimas de procedemento. Así mesmo, a demanda dun programa que permita cursar nesta universidade durante un máximo dun ano materias ou créditos a elección do estudante, sen recoñecemento académico, obriga a regular o programa de estudantes visitantes, a semellanza do que consideran, no marco da autonomía universitaria, outras universidades españolas. Na elaboración participaron tanto os coordinadores Sócrates-Erasmus, como a Vicerreitoría de Organización Académica e de Estudantes e administradoras dos centros.

Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Valderruten Vidal, López Fernández e Candedo Gunturiz.

O Regulamento de xestión da mobilidade de estudantes, cuxo texto, xa coas modificacións suxeridas no debate, se atopa no **ANEXO V**, **apróbbase** por asentimento, coa abstención da Sra. López Fernández.

8. REGULAMENTO DE ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES

O Sr. Vicerreitor de Estudantes informa que o regulamento foi elaborado coa colaboración das asociacións de estudantes ás que agradece a súa participación e o seu interese. Salienta a importancia do asociacionismo estudantil e o compromiso do equipo reitoral na súa promoción.

Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Valderruten Vidal, García Camba, Núñez Sal, López Fernández, Canosa Ferrío e Soraluze Blond. Os representantes dos estudantes agradecen a forma participativa en que foi elaborado o regulamento e felicítanse pola súa aprobación.

O Regulamento de asociacións de estudantes, cuxo texto pode consultarse no **ANEXO VI**, coas modificacións suxeridas no debate, **apróbbase** por asentimento coa abstención do Sr. Núñez Sal, quen xulga que as asociacións de estudantes son importantes mais o regulamento non recolle debidamente a relación das asociacións cos centros.

9. ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O ANO 2006

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa de que, en cumprimento do disposto no artigo 111.5 dos Estatutos da Universidade da Coruña, ao Sr. Reitor correspóndelle presentar o anteproxecto de orzamentos ao Consello de Goberno e que, para cumprir unha promesa electoral, as liñas xerais do orzamento foron presentadas ao Claustro do 13 de decembro de 2005. Procede á exposición detallada do orzamento.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Núñez Sal, Faíña Medín, Soraluce Blond, González Veira (Avia), Valderruten Vidal, Arcay Varela, Rilo López, López Fernández e Cao Abad.

Na votación acádase a favor da aprobación unha maioría de trinta votos favorables, fronte a 3 votos en contra e 2 abstencións.

Apróbase por maioría o anteproxecto de orzamentos para o ano 2006 recollido no **ANEXO VII**.

10. RESOLUCIÓN DE RECURSOS

A Sra. Secretaria Xeral informa que con data 26 de outubro de 2005 tivo entrada no Rexistro Xeral o recurso de alzada interposto por D. Pablo Regueira Pacín contra o acordo da Xunta da ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, que se tomou en sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro, de anulación da convocatoria extraordinaria de decembro nese centro. Ante o prexuízo que podería causar a demora na resolución do recurso, de oficio o Sr. Reitor resolveu o 24 de novembro suspender cautelarmente o acordo da Xunta. Tras solicitar un informe sobre o sucedido ao Sr. Director, este contesta o 29 de novembro indicando que á vista da resolución reitoral do 24 de novembro non ten nada que informar. O informe-proposta de resolución da Asesoría Xurídica incorpórase á acta. O Sr. Casteleiro Maldonado protesta polo feito de que a convocatoria non fixese constar de que recurso se trataba, nin se entregase a documentación relativa a este. O Sr. Reitor pide desculpas por ese feito, aínda que na convocatoria se indicase que a documentación referida a ese punto da orde do día estaba a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría Xeral e na Secretaría Xeral Técnica do Campus de Ferrol. Intervenñen tamén os Sres. Casabella López, Navarrina Martínez e García Núñez.

Apróbase por asentimento, coa abstención do Sr. Casteleiro Maldonado, estimar o recurso presentado con base nas consideracións recollidas no informe-proposta de resolución da Asesoría Xurídica.

11. ACORDO DE DERROGACIÓN DOS REGULAMENTOS DE RÉXIME INTERNO NON ACTUALIZADOS DESPOIS DE TRANSCORREREN DOUS ANOS DESDE A APROBACIÓN DOS ESTATUTOS

A Sra. Secretaria Xeral informa que, despois da aprobación e da entrada en vigor dos Estatutos, comezou un proceso de renovación e de elaboración de regulamentos de réxime interno de centros, de departamentos e de institutos adaptados á LOU e aos Estatutos. O 26 de maio de 2006 completáranse dous anos desde a entrada en vigor dos Estatutos, un tempo máis que suficiente para ter realizado o proceso de renovación, polo que se propón acordar a derogación automática dos regulamentos de réxime interno non actualizados nesa data. Os centros, os departamentos e os institutos afectados deberán rexerse polas normas xerais da Universidade da Coruña e do procedemento administrativo.

Apróbase por asentimento a derogación dos regulamentos de réxime interno non actualizados o día 26 de maio de 2006.

12. REGULAMENTOS DE RÉXIME INTERNO DAS FACULTADES DE FILOLOXÍA E DE INFORMÁTICA E DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

A Sra. Secretaria Xeral informa que os proxectos de regulamento foron aprobados nas respectivas xuntas de facultade e consello de departamento e teñen informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbanse por asentimento os regulamentos de réxime interno das Facultades de Filoloxía e de Informática e do Departamento de Matemáticas, que se atopan no **ANEXO VIII**.

13. PRAZAS DE PROFESORADO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa da necesidade de convocar unha praza de axudante para a Área de Enxeñaría da Construción, dentro do Departamento de Tecnoloxías da Construción, con docencia na ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, a consecuencia da redución dun profesor asociado T3 P6 a T3 P3 e do falecemento doutro profesor asociado. A promoción condiciónase á desaparición dun asociado T3 P3. Hai informe positivo da COAP.

Apróbase por asentimento a convocatoria da praza de axudante para a Área de Enxeñaría da Construción.

14. ROLDA ABERTA DE INTERVENCIONS

O Sr. Soraluze Blond pregunta a causa de que das bolsas de colaboración cos departamentos da Xunta de Galicia só corresponderon tres á Universidade da Coruña. O Vicerreitor de Estudantes contesta que das 38 bolsas do Ministerio de Educación e Ciencia que correspondían á Universidade só se concederon 28, porque ou ben non se piden ou non se cumpren os requisitos. Trátase dunha situación moi preocupante.

O Sr. Graña López solicita que se incorporen diversas melloras ao programa de xestión académica, para facilitar o traballo das administracións. O Sr. Reitor informa de que se está a piques de cambiar o programa.

O Sr. Recuero Astray sorpréndese da existencia dos delegados de calidade nos centros, e pregunta se son delegados da Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea. O Sr. Reitor informa de que se trata de responsables de calidade que cobran un complemento económico e apoian os equipos de dirección na procura do EEES.

O Sr. Núñez Sal sinala que o Regulamento de compensación se esta a demostrar como moi restritivo e solicita que, se a apreciación é común a todos os centros, se revise. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica sinala que tivo resposta positiva o 14% das solicitudes, aínda que no último ano se aprecia un lixeiro aumento.

O Sr. Cao Abad pregunta polo número de posgraos que corresponden á Universidade da Coruña, e o Sr. Reitor sinala que son sete, cinco para a USC e 4 para a Uvigo, e mais os interuniversitarios. O Sr. Cao Abad tamén pregunta pola consideración que teñen os estudantes da Universidade Sénior. O Sr. Vicerreitor de Estudantes contesta que se consideran estudantes de títulos propios. O Sr. Cao Abad solicita tamén que se mellore o directorio telefónico na web.

O Sr. Graña López pregunta se existe un posgrao en Enxeñaría Naval e Oceánica, á vista de que non teñen moitos estudantes. O Sr. Reitor contesta que si, provisionalmente.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.20 horas.